XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.R.A. DE RIANXO

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

# *MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS*

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

## MARCO

A principios do curso 2019 constituíase no CRA de Rianxo o Equipo de Dinamización de Programas Internacionais. O equipo conformase con 5 mestres (4 titores e 1 mestre especialista).

| MEMBROS DO EQUIPO |
|---|
| VERÓNICA TRIÑANES RIAL |
| PABLO GARCÍA LORENZO |
| ANA ALICIA CASTRO MOARES |
| BALTASAR FIGUEIRAS MARTÍNEZ |
| PAULA IGLESIAS SUÁREZ |

O equipo xurde da necesidade de investigar, formarse e incrementar a calidade educativa en aulas con nenos e nenas de distintas idades (aulas mixtas – aulas multigrado), pretendendo ser un referente educativo no desenvolvemento de metodoloxías activas nesta tipoloxía de aulas.

## OBXECTIVOS PLANTEXADOS

O principal obxectivo é lograr que o centro se converta nun **centro de referencia en metodoloxías activas en aulas con agrupamentos verticais**. A partir deste obxectivo principal derímense unha serie de obxectivos secundarios:

- Difundir o coñecemento adquirido no relativo a metodoloxías en aulas multineis, así como no proceso de internacionalización.
- Crear un rede estable de socios na que exista un intercambio fluído de experiencias e coñecemento.

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

- Formar e especializar ao profesorado do CRA en metodoloxías activas de aulas multiniveis.
- Internacionalizar ao centro realizando accións de dimensión europeas e transnacionais.
- Investigar e coñecer os estudios existentes sobre metodoloxías inovadoras.
- Difundir o coñecemento adquirindo, organizando xuntanzas, xornadas e calquer tipo de actividades divulgativas.
- Presentar proxectos europeos no ámbito educativo.

## ACCIÓNS PREVISTAS PARA O CURSO 2019/2020

- Presentación dunha candidatura na convocatoria ERASMUS+.
- Creación dunha rede de contactos de persoas e institucións na que haxa un intercambio de información, coñecemento e recursos, ademais de sumar sinerxias na creación de accións e proxectos coa teámtica educativa e a internacionalización.
- Formación: participar na oferta formativa organizada polo CAFI, formarse tanto nas metodoloxías para aulas multiniveis como no proceso de internacionacionalización.
- Difusión do coñecemento adquirido a través de distintos medios. Participación como relatores en xornadas, cursos de formación, encontros,...
- Constitución formal dun equipo de traballo.
- Realización de visitas de traballo tanto a institucións europeas como a organimos educativos que aporten coñecemento.

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

## LOGROS OBTIVOS: RESULTADOS

- **PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA ERASMUS+ 2020:**

  **RUSTIC:** É o nome do proxecto presentado á convocatoria ERASMUS+ 2020: proxectos de educación escolar K101. A principal pretensión do proxecto é formarse e investigar no ámbito das metedoloxías en aulas multigrado (ou aulas mixtas). Converténdose, o CRA de Rianxo, en centro referente deste tipo de metodoloxías.

  O equipo de programas internacionais logrou elaborar un proxecto en prazo e presentalo na convocatoria. Presentase como documento anexo o proxecto.

  A data de elaboración deste documento (1 de xuño do 2020) fomos informados que o proxecto presentado foi ADMITIDO PROVISIONALMENTE. Polo que no curso 2020/2021 esperase a execución de dito programa.

  **http://sepie.es/doc/convocatoria/2020/resoluciones/mayo/report_20200529134811_AnexoI_KA101_admitidas.pdf**

  Este foi un dos principais obxectivos e esforzos do equipo de programas internacionais. A súa aprobación califica de exitoso o traballo desenvolto.

- **FORMACIÓN**

  A formación foi outro dos obxectivos plantexados. Era fundamental aumentar o coñecemento no relativo aos programas europeos (solicitude, xestión,...). Así participamos no curso: **Iníciate en Erasmus+** de 31 horas de duración, organizado polo CAFI.

  Tamén participamos na Xornada **Internacionaliza a túa escola. Erasmus+, E-Twinning e outras propostas,** de 8 horas presenciais e organizado polo CAFI.

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

Por último, dado o interese do centro, e co asesoramento do CAFI, organi o Plan de Formación Propio: **A internacionalización da actividade docente no centro rural agrupado de Rianxo.**

- **DIFUSIÓN**

Ademáis de asistir como alumnado na Xornada **Internacionaliza a túa escola. Erasmus+, E-Twinning e outras propostas** o CRA de Rianxo tivo a aportunidade de participar activamente presentando una ponencia a cargo de Pablo García (membro do equipo de Programas Internacionais)

- **CREACIÓN DA REDE DE CENTROS E PERSOAS COLABORADORAS**

Seguindo a metodoloxía dos programas europeos, cremos que o traballo en rede, compartindo información e coñecemento, é unha forma efectiva de investigar e profundizar nun determinado ámbito. Así, ao longo do curso mantivemos diferentes reunións en búsqueda de alianzas e colaboracións.

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo

- CAFI: Centro Autonómico: Asesora Diana Pastoriza e director Ángel Rodríguez.
- IES Felix Muriel: Departamento de Programas Internacionais
- Concello de Rianxo: Alcalde Adolfo Muíños
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: Departamento de Programas Internacionais: Luz Ares
- Axencia Galega de Innovación: Manuel París
- Diferentes colexios de distintos países europeos cos que se estableceu alianzas para facer observación nas súas aulas multigrado

Cabe sinalar que froito destas xuntanzas o CAFI solicitou ao CRA de Rianxo un informe de cara a deseñar accións formativas relacionadas cas aulas mixtas.

## AVALIACIÓN

Realízase unha valoración moi positiva tanto do traballo desenvolto polo equipo como dos resultados obtidos.

A execución do proxecto RUSTIC será o principal cometido do vindeiro curso.

Rianxo a 2 de xuño de 2020

Firmado por FIGUEIRAS MARTINEZ BALTASAR - 44814735V el día 02/06/2020 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Asdo: Baltasar Figueiras Martínez
Coordinador do equipo